



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 8 de abril de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no BOP durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 8 de abril ata o 8 de xuñe de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 8 de abril de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1005

CASTROVERDE

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO REGULADOR DO CANLE DE DENUNCIAS DO CONCELLO DE CASTROVERDE

O Pleno, en sesión ordinaria celebrada en primeira convocatoria o día 27 de marzo de 2024, aprobou inicialmente o Regulamento regulador do Canle de denuncias do Concello de Castroverde

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, expónse ao público por período de trinta días hábiles para que os interesados podan presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Transcorrido o prazo sen que se presentaran reclamacións, se considerará elevado a definitivo o acordo inicialmente adoptado, sen necesidade de acordo plenario.

O expediente poderase consultar na Secretaría do Concello ou na seguinte dirección https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0_

Castroverde, 9 de abril de 2024.- Tenente de Alcaldesa 1ª e concelleira de Cultura, Deportes, Xuventude e Educación, Mª del Pilar Ferreiro Villar (Por delegación de alcaldía Resolución 2024/131 do 3/04/2024)

R. 1006

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 4/2024.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2024 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 4/2024, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito e modificación da bases de execución do Orzamento xeral do 2024 no punto seis da base 24 de subvencións nominativas

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 9 de abril de 2024.- Tenente de Alcaldesa 1ª e concelleira de Cultura, Deportes, Xuventude e Educación, Mª del Pilar Ferreiro Villar

R. 1007

FOZ

Anuncio

SOBRE MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DE DÚAS (2) PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE

Por Decreto de Alcaldía núm. 2024-0008 do 09 de xaneiro de 2024 aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria para a selección e provisión, como funcionario de carreira de dúas (2) prazas de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre, que foron publicadas no BOP de Lugo núm. 071 do 25/03/2024.

Por Decreto de Alcaldía núm. 2024-0266 do 26 de marzo de 2024 apróbase a modificación das bases reguladoras da convocatoria das probas selectivas arriba referidas. O punto 10.- CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS SELECTIVAS se modifica na súa integridade polo texto que se transcribe:

10.- CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS SELECTIVAS

Os procedementos de selección, en fase de oposición, consistirán en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e funcións dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

a) PRIMEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá na contestación, por escrito, de forma lexible, durante un tempo máximo de 60 minutos, a 5 preguntas, propostas polo tribunal, relacionadas coas materias do programa que figura no anexo. (Parte xeral e específica) .

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita. Puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

b) SEGUNDO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Consistirá no desenvolvemento por escrito, durante o período máximo de 120 minutos, dun tema de entre os temas da segunda parte ou parte específica do programa establecido na base sétima e determinado por sorteo polo tribunal inmediatamente antes do comezo deste exercicio.

Este exercicio deberá ser lido polo tribunal e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

O criterio esencial de valoración desta proba é o nivel de coñecementos, a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e precisión na exposición.

No caso se que o exercicio presentado resulte ilexible para os cinco membros que compoñen o tribunal, procederase a declarar ao dito aspirante non apto

c) TERCEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Desenvolverase por escrito, durante o período máximo de 150 minutos e consistirá na redacción dun ou varios supostos prácticos vencellados con temas descritos na parte específica do temario e que determinará o tribunal antes do comezo do exercicio. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos e calculadoras simples, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios nin máquinas de cálculo científicas.

Este exercicio deberá ser lido polo tribunal e puntuarase de cero (0) a vinte (20) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de dez (10) puntos.

O criterio esencial de valoración desta proba é a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

No caso de que o tribunal estableza varios supostos e que non se valoren de forma idéntica todos eles, deberá darse a coñecer aos aspirantes a puntuación de cada suposto con carácter previo ao inicio da proba. De non especificarse a puntuación de cada suposto reputarase que teñen idéntica valoración cada un deles.

d) CUARTO EXERCICIO NON ELIMINATORIO ESCRITO SOBRE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO.

Este exercicio será obrigatorio e non eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación, o nivel de Celga 3 ou equivalente. Os participantes que sí o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba de galego.

Foz, 26 de abril de 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1008

LUGO

Anuncio

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 4/936 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023.

Visto o acordo 12/95 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 11/94 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobado as bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de animador/a sociocultural pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2023) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023)

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a dúas prazas de animador/a sociocultural do cadro

de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: animador/a sociocultural

b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Título de graduado/a en Educación Social ou equivalente e outros títulos de grao con certificado de habilitación como educador/a social.

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan as titulacións extinguidas.

- Certificado de delitos de natureza sexual.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentos as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

c) Título de graduado/a en educación social ou equivalente e outros títulos de grao con certificado de habilitación como educador/a social.

d) Certificado de delitos de natureza sexual.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitiva.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren a estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas, de 2 temas de entre 3 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 3 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. A política social no marco internacional e na Unión Europea. A Declaración universal dos dereitos humanos (1948). A Carta social europea (1961). A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible (2015).

Tema 2. A animación sociocultural no ámbito internacional: paradigmas e correntes. A cooperación internacional. O rol da Administración local na cooperación para o desenvolvemento. A cooperación internacional no Concello de Lugo.

Tema 3. Os servizos sociais en España: marco normativo e competencial das distintas administracións públicas: estatal, autonómica e local. O terceiro sector da acción social.

- Tema 4. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia. Principios xerais, obxecto e obxectivos da Lei. Titulares do dereito de acceso aos servizos sociais. Dereitos e deberes das persoas usuarias.
- Tema 5. A estrutura básica dos servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia: servizos sociais comunitarios básicos e específicos e servizos sociais especializados: normativa, características e funcións. O catálogo de servizos sociais. Programas de intervención comunitaria.
- Tema 6. A actividade administrativa de prestación de servizos. A reserva de servizos a favor das entidades locais. A xestión directa de servizos públicos. A xestión indirecta dos servizos públicos. A concesión de servizos públicos. Potestades da Administración. Dereitos e obrigas da concesionaria. Relacións da concesionaria coas persoas usuarias. Extinción da concesión.
- Tema 7. O orzamento na Administración local. O orzamento como instrumento de planificación, de xestión e como mecanismo de coordinación. Estrutura e xestión orzamentaria no ámbito dos servizos sociais.
- Tema 8. O municipio de Lugo e o seu contorno: barrios urbanos e zonas rurais. Principais aspectos da súa historia, xeográficos e culturais. O seu patrimonio histórico-cultural.
- Tema 9. Marco competencial dos servizos sociais no concello de Lugo. A área competente en materia de Benestar Social: estrutura organizativa, servizos, programas e equipamentos.
- Tema 10. A importancia da intervención sociocultural partindo do coñecemento social e cultural do contorno. Necesidades, posibilidades e obstáculos para a intervención sociocultural no concello de Lugo.
- Tema 11. A animación sociocultural nas administracións locais. A participación social. O Regulamento de participación cidadá do concello de Lugo. O Programa de animación sociocultural do concello de Lugo.
- Tema 12. A animación sociocultural como modelo de intervención social. Bases teóricas (antropolóxicas, sociolóxicas e psicolóxicas). Concepto. Obxectivos. Modalidades. Funcións da animación sociocultural na sociedade actual. A figura do animador/a sociocultural.
- Tema 13. O análise da realidade social: paradigmas, métodos e técnicas da investigación social.
- Tema 14. Etapas do proceso de intervención sociocultural. Características diferenciadoras dos programas e actividades en función do colectivo destinatario.
- Tema 15. Procedementos de intervención en animación sociocultural: pautas de elaboración do diagnóstico. A planificación, a programación e a avaliación de programas e proxectos. Aspectos teórico-prácticos.
- Tema 16. A metodoloxía da intervención centrada na persoa. O proxecto individualizado de intervención. A relación profesional de axuda.
- Tema 17. O proceso de comunicación na intervención social. Conceptos, requisitos, elementos, tipos e obxectivos. A comunicación social na intervención sociocultural. Tema 18. A interdisciplinabilidade e o traballo en equipo nos servizos sociais comunitarios. Funcións do animador/a sociocultural como parte do equipo dos servizos sociais comunitarios básicos. A coordinación do traballo en equipo.
- Tema 19. As habilidades sociais. Concepto. Dimensións e modelos explicativos, avaliación e adestramento en habilidades sociais. Ámbitos de aplicación.
- Tema 20. O grupo: concepto e tipoloxías. Estrutura. Características. Roles e comunicación grupal. Polarización grupal.
- Tema 21. A psicoloxía dos grupos: liderado e procesos intergrupais. As relacións e os conflitos nos grupos e entre grupos. A dinámica de grupos na animación sociocultural: grupos de risco social e grupos normalizados.
- Tema 22. A intervención profesional dende os profesionais da animación comunitaria. Obxecto e proceso de intervención. Niveis de intervención: a intervención individual, no medio familiar, no grupo e na comunidade.
- Tema 23. Desenvolvemento comunitario: historia, teoría e modelos. Principios. Ámbitos e niveis de intervención.
- Tema 24. Desenvolvemento comunitario: a comunidade, a cohesión social e a participación social.
- Tema 25. A prevención na intervención social. Niveis e formas de implementación. A reinserción social. Modelos e proxectos de intervención, a abordaxe dende os servizos sociais.
- Tema 26. As novas tecnoloxías e a innovación social. O animador/a sociocultural ante as novas tecnoloxías. Redes sociais e participación. Funcións didácticas das novas tecnoloxías na animación sociocultural.
- Tema 27. A avaliación en intervencións socioculturais: conceptos e enfoques teóricos. Establecemento de obxectivos. Implantación. Seguimento. Indicadores de avaliación. Os métodos de control de calidade na intervención sociocultural.

Tema 28. O voluntariado nos servizos sociais. Definición. Conceptos. Marco normativo estatal e autonómico. Principais ámbitos de actuación. O Consello Galego de Acción voluntaria. A rede lucense de voluntariado.

Tema 29. Asociacións: marco normativo do asociacionismo e xestión de asociacións: creación, organización, estrutura, contas, proxectos e memorias. O traballo asociativo en rede.

Tema 30. A xestión cultural: os proxectos culturais. Competencias da Administración local. Área competencial en materia de Cultura no Concello de Lugo: Programas e equipamentos culturais no concello de Lugo.

Tema 31. Transformacións sociais e demográficas da familia nas sociedades do coñecemento. Programas grupais de educación parental. Lei de impulso demográfico de Galicia.

Tema 32. A animación sociocultural como proceso educativo. Normativa autonómica en materia de familia, infancia e adolescencia. O consello autonómico de infancia e adolescencia. Área competencial en materia de Educación no Concello de Lugo. A animación sociocultural ante os conflitos familia-menores.

Tema 33. A Lei galega de xuventude de Galicia. Plans e programas estatais e autonómicos en materia de xuventude. O consello asesor e consultivo de xuventude de Galicia. A área competencial en materia de xuventude no Concello de Lugo: programas e equipamentos.

Tema 34. Diversidade funcional: conceptualización e características. Os paradigmas de calidade de vida e apoios. Recursos sociais e comunitarios. A intervención sociocultural con colectivos con dificultades especiais.

Tema 35. A prevención da violencia na infancia, na adolescencia e na mocidade, en especial a prevención da violencia contra as mulleres. Estratexias para educar na diversidade, na inclusión, na igualdade, na identidade, na interculturalidade e na sostibilidade.

Tema 36. A prevención de drogodependencias e outras adicións: os programas de prevención e ámbitos de intervención a nivel local.

Tema 37. O enfoque de xénero na intervención sociocultural. Identidades de xénero. Roles de xénero. A violencia de xénero. Educación para a igualdade. Deseño de programas de violencia de xénero.

Tema 38. Minorías étnicas e inmigración: normativa. Aspectos sociodemográficos e culturais. Dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social. A interculturalidade. A intervención sociocultural en contextos multiculturais.

Tema 39. O envellecemento activo: prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal nas persoas maiores. Principais factores que interveñen no mantemento das capacidades funcionais e cognitivas.

Tema 40. A animación sociocultural como instrumento para a convivencia, a participación e o desenvolvemento dos maiores. Deseño de programas dende os centros de servizos sociais comunitarios. O reforzo das relacións interxeracionais. Tema 41. As soidade non desexada: detección. Criterios e principios que deben rexer as intervencións ante situacións de soidade. Plans e programas nos ámbitos estatal, autonómico e local.

Tema 42. A educación non formal: concepto e tipoloxía. Papel da educación de persoas adultas na dinámica social. Canles de educación de persoas adultas.

Tema 43. A animación sociocultural e a educación no tempo de lecer. O xogo na animación do ocio e o tempo de lecer. Planificación, estrutura e organización do xogo.

Tema 44. Condutas de odio e discriminación: o discurso do odio. Medidas de prevención e respostas dende o ámbito comunitario.

Tema 45. A pobreza e a desigualdade: abordaxe dende a perspectiva comunitaria. Factores que conflúen na pobreza. Programas e recursos de atención a persoas sen fogar no eido local.

Tema 46. A protección de datos persoais e a garantía dos dereitos individuais. Normativa.

Tema 47. A ética aplicada aos servizos sociais: ética institucional e acción profesional. O segredo profesional.

Tema 48. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1 ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía, entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico.

Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia do Excmo. Concello de Lugo, no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de marzo de 2024.- Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, Ilmo Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R.1009

Anuncio

Ilmo. Sr. DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral o do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 4/936 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023.

Visto o acordo 16/76 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de febreiro de 2024.

En base ás atribucións delegadas por decreto 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, de data 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 15/56 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 21 de febreiro de 2024, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial cociñeiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2023) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de oficial cociñeiro/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, do 4 de decembro de 2023.

2º.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

- a) Denominación da praza: oficial cociñeiro/a
- b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)
- c) Outras características:

- Escala: administración especial
- Subescala: servizos especiais
- Clase: persoal de oficios

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- **TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

- Estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.
- Carné de manipulador de alimentos.

5º.- **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos, dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

Carné de manipulador de alimentos.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución na que declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitiva.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistente na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o

tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. Maquinaria e ferramentas empregadas na cociña.

Tema 2. Clasificación dos alimentos e clasificación das dietas.

Tema 3. Conservación de xéneros. Formas de conservación.

Tema 4. Manipulación de alimentos. Normas hixiénico-sanitarias.

Tema 5. Seguridade e hixiene no traballo. Prevención de accidentes.

Tema 6. Condimentos: concepto e clases. Salsas: concepto e clases.

Tema 7. As carnes: características; clases. Aspecto e denominación das pezas e anacos. Preparación das carnes roxas e brancas; emprego dos distintos anacos. Aves de curral: clases, elaboración. A caza: elaboración.

Tema 8. O peixe: características; clases; cualidades. Presentación e valoración comercial. Limpeza, conservación e preparación.

Tema 9. Hortalizas e legumes: concepto, clasificación e preparación; hortalizas de temporada. Patacas: clases, conservación, cortes e métodos de cociñado. Ensaladas: sazonamento e hortalizas máis usadas nas ensaladas.

Tema 10. Sobremesas, lácteos e bebidas (auga): clases e características. Elaboración. Os xeados. Os queixos e derivados lácteos. As froitas. A auga.

Tema 11. Técnicas para o tratamento e preparación inicial dos alimentos: Racionado e peso dos produtos. Análise das graxas comestibles.

Tema 12. As guarnicións na cociña. Sopas e purés. Preparación.

Tema 13. Regulamento nº 855/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004 relativo á hixiene dos produtos alimenticios. Definicións. Hixiene do persoal. Requisitos de envasado e embalaxe dos produtos alimenticios.

Tema 14. Ovos. Categorías e clases. Conservación e preparación.

Tema 15. Pasta e arroz. Preparación. Técnicas de cocción. Mantemento e conservación.

Tema 16. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía, entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico.

Á súa vez será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia e un extracto no DOG e BOE.”

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de marzo de 2024.- Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, Ilmo Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R.1010

Anuncio

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 4/936 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023.

Visto o acordo 11/94 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL VIXILANTE RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXILANTE RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN

QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 11/94 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024, que seguidamente se transcribe:

“ PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial vixilante recadador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2023) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL VIXILANTE RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de oficial vixilante recadador/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

2º.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: oficial vixilante recadador/a

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- **TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

- Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.

5º.- **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as

familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales polo menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitiva.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Os mercados municipais. Clases, concepto e réxime xeral. Dos locais de venda. Características dos locais, obras e instalacións. Actividade de venda. Obrigas e dereitos das e dos vendedores, condicións de venda.

Tema 2.- Ordenanza reguladora de prazas e mercados do concello de Lugo: localización das prazas e mercados municipais de abastos. Mantemento e limpeza de instalacións.

Tema 3.- Ordenanza reguladora de prazas e mercados do concello de Lugo: horario das prazas e mercados municipais. Actividades nos postos das prazas e mercados municipais de abastos.

Tema 4.- Prohibicións e limitacións previstas na Ordenanza reguladora de prazas e mercados do concello de Lugo. Funcións dos vixilantes recadadores de prazas e mercados no concello de Lugo.

Tema 5.- Ordenanza reguladora de prazas e mercados do concello de Lugo: desempeño da actividade comercial. Dereitos e obrigas das persoas concesionarias. Desempeño da actividade comercial no mercado tradicional.

Tema 6.- Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia: venda ambulante: concepto. Tipoloxía e condicións da venda ambulante ou non sedentaria. Información ao público. A venda ambulante no concello de Lugo.

Tema 7.- Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia: produtos obxecto da venda ambulante. Lugares destinados á venda ambulante. Réxime de autorización e facultades de inspección e sanción na materia de venda ambulante.

Tema 8.- Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia: funcións inspectoras do Concello na venda ambulante. Infraccións e sancións

Tema 9.- Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios: ámbito de aplicación. Produtos excluídos. Definicións.

Tema 10.- Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios: denominación de venda. Listaxe de ingredientes. Indicación cuantitativa de certos ingredientes. Grao alcohólico.

Tema 11.- Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios: cantidade neta. Marcado de datas nos lotes. País de orixe. Pequenos envases. Presentación da información obrigatoria. Lingua na etiquetaxe.

Tema 12.- Seguridade en edificios. Instalacións de protección contra incendios. Evacuación e outras medidas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias.

Tema 13.- Apertura e peche de edificios e locais. Posta en marcha e parada de instalacións. Almacenamento e traslado de materiais e aparellos. Traslado de cargas.

Tema 14.- Control de accesos. Vixilancia e custodia de edificios e instalacións.

Tema 15.- Lei de prevención de riscos laborais. Obxecto e ámbito de aplicación. Seguridade e hixiene no traballo. Dereitos e obrigas. Consulta e participación das e dos traballadores. Organización da prevención. Xestión da actividade preventiva.

Tema 16.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía, entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico.

Á súa vez será aplicable a instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases, no Portal de Transparencia do Excmo. Concello de Lugo, no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de marzo de 2024.- Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, Ilmo Sr. Don Ángel Pablo Permyu Villanueva.

R. 1011

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 2001/2024 de 6 de marzo de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **FEBREIRO de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 15 de marzo ata o día 15 de abril de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 6 de marzo de 2024.- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social e Territorial, dona Ana María González Abelleira.

R. 1012

Anuncio

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 4/936 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023.

Visto o acordo 18/78 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de febreiro de 2024.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 11/94 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de operario/a de cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2023) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de operario de cemiterio do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, do 4 de decembro de 2023.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: operario/a de cemiterio
- b) Grupo de titulación: grupo A.P. (agrupacións profesionais)
- c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: servizos especiais

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

Non se esixe titulación do sistema educativo.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 10,80 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos” que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución na que declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitiva.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondentes ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 40 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. Regulamento xeral dos servizos mortuorios do Concello de Lugo: grupos, seccións e unidades de enterramento. Situación e localización.

Tema 2. Real decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia: instalacións mínimas dos cemiterios. Condicións construtivas das sepulturas. Tipos.

Tema 3. Real decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia: clasificación sanitaria dos cadáveres. Destino final cadáveres, restos humanos e restos cadavéricos. Real decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia: definicións básicas: cadáver, restos cadavéricos, restos humanos, restos óseos, depósito de cadáveres, cremación, crematorio, inhumación e exhumación.

Tema 4. Conservación e mantemento de zonas verdes: maquinaria. Poda e recorte. Sistemas de rega.

Tema 5. Riscos laborais sector funerario. Tipos de risco. Riscos físicos. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 6. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1 ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico.

Á súa vez será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia e un extracto no DOG e BOE."

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de marzo de 2024.- Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, Ilmo Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 1013

Anuncio

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 4/936 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023.

Visto o acordo 15/117 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE PSICÓLOGO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 13 de marzo de 2024.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE PSICÓLOGO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 15/117 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 13 de marzo de 2024, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de psicólogo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2023) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE PSICÓLOGO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023)

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de psicólogo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: psicólogo/a

b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A1)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Título universitario oficial de grao en Psicoloxía ou grao nunha titulación equivalente da rama das ciencias da saúde. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.

- Acreditación de formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero; a formación acreditarase mediante xustificación de ter realizadas polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, e a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I-entidades de acción voluntaria- (Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento).

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 19,50 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentas do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales polo menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

Título universitario oficial de grao en Psicoloxía ou grao nunha titulación equivalente da rama das ciencias da saúde. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron ás titulacións extinguidas.

Acreditación de formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero; a formación acreditarase mediante xustificación de ter realizadas, polo menos, 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, e a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I-entidades de acción voluntaria-.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución no que declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitiva.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 120 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 3 horas, de 3 temas de entre 4 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 4 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello

de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. Psicopatoloxía xeral. Principais tipoloxías. Características e abordaxes básicas.

Tema 2. As neuroses. Conceptos e clasificacións básicas. Abordaxes básicas.

Tema 3. As psicoses. Conceptos e clasificacións básicas. Abordaxes básicas.

Tema 4. Os trastornos de ansiedade. Definición. Tipos. Abordaxes básicas.

Tema 5. Os trastornos do estado de ánimo. Definición. Tipos. Abordaxes básicas.

Tema 6. A depresión. Definición. Tipos. Intervencións e recomendacións de abordaxe básicas.

Tema 7. Conceptos básicos de avaliación psicolóxica. Modelos, técnicas e procedementos básicos da avaliación.

Tema 8. A avaliación psicolóxica das vítimas de violencia de xénero.

Tema 9. A entrevista psicolóxica como instrumento de avaliación e diagnóstico. Modelos teóricos e metodoloxía da súa aplicación nos diferentes ámbitos da intervención.

Tema 10. A entrevista psicolóxica con mulleres vítimas de violencia de xénero. Características principais e boas prácticas.

Tema 11. O informe psicolóxico. Aspectos xerais. Tipos. Estrutura básica. O informe psicolóxico en casos de violencia de xénero: estrutura e contido.

Tema 12. Terapia breve e intervención en crise, como métodos de intervención social. Técnicas.

Tema 13. Counselling. Características básicas e principios de actuación.

Tema 14. O sistema familiar. Estrutura e funcións. O ciclo vital familiar e crises evolutivas asociadas. Ruptura familiar e de parella. O dó: tipos de perdas. Orientación e consello psicolóxico.

Tema 15. Técnicas de regulación emocional. As técnicas de relaxación. Tipos. Principais métodos de aplicación. A parada de pensamento.

Tema 16. Adestramento en habilidades sociais. A toma de decisións. Técnicas para vencer a manipulación nas relacións. A asertividade. A intelixencia emocional.

Tema 17. A autoestima. O autoconcepto. A autoeficacia percibida. Autoestima e violencia de xénero. Técnicas para a súa mellora.

Tema 18. A psicoloxía comunitaria. Definición e características básicas. Ámbitos de actuación. Prevención. Estrés psicosocial e apoio social.

Tema 19. A/O psicóloga/o nos servizos sociais: campos de actuación. Abordaxes básicas.

Tema 20. A dependencia emocional. Conceptualización. Principios de actuación.

Tema 21. O sistema sexo/xénero. Patriarcado e androcentrismo. Roles e estereotipos de xénero. Identidade de xénero. Socialización de xénero: a socialización diferencial e a discriminación de xénero.

Tema 22. Socialización, educación e xénero. A educación en igualdade no ámbito escolar, familiar e comunitario: a coeducación para a igualdade de oportunidades. O Programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero nos centros educativos públicos do Concello de Lugo. Principios reitores, obxectivos e finalidade.

Tema 23. A discriminación de xénero. Interseccionalidade: mulleres e diversidade funcional, mulleres e terceira idade, mulleres e inmigración. Mulleres e minorías étnicas. As mulleres xitanas. Particularidades nos casos de violencia de xénero.

Tema 24. Agresión e violencia: teorías explicativas.

Tema 25. As violencias contra as mulleres. Delimitación conceptual e orixe. Tipoloxías. Características básicas do agresor e da muller vítima da violencia de xénero.

Tema 26. Identificación do maltrato contra a muller. Principais indicadores. Factores de risco. Principais modelos explicativos. A teoría do ciclo da violencia. O maltrato técnico. A síndrome do maltrato á muller.

Tema 27. Novas formas de violencia contra a muller: ciberviolencias. Sexting e sextorsión. Violencia vicaria. O axexo.

- Tema 28. Os celos. Conceptualización. Características básicas. A súa relación coa violencia de xénero.
- Tema 29. Principais consecuencias e efectos do maltrato contra as mulleres. Diferentes niveis de afectación. A síndrome da muller maltratada.
- Tema 30. A tensión emocional nas vítimas de violencia de xénero: estrés, ansiedade e pánico. Definición. Causas. Tipos. Síntomas. O trastorno de estrés postraumático.
- Tema 31. Intervención psicolóxica con mulleres que sofren violencia: principios reitores, habilidades e principais recomendacións de actuación. Etapas de intervención. Intervención en crises. Obxectivos.
- Tema 32. A violencia sexual. Marco teórico, conceptualización, prevalencia e tipoloxías.
- Tema 33. Acoso sexual e agresión sexual. Intervención básica en casos de agresión sexual.
- Tema 34. Os fenómenos da prostitución e a trata de mulleres con fins de explotación sexual. Regulación. Dereitos das mulleres prostituídas. A acreditación administrativa das vítimas de trata de seres humanos e/ou explotación sexual.
- Tema 35. Educación sexual e educación para a saúde. O concepto psicosocial de calidade de vida. Ámbitos de aplicación e propostas de intervención.
- Tema 36. O menor como vítima da violencia de xénero. Acompañamento psicolóxico a fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero. Características básicas e principios de actuación.
- Tema 37. Os malos tratos á infancia: definición, tipoloxías, factores de risco, detección e proceso de intervención psicosocial básica ante o maltrato infantil.
- Tema 38. O marco legal dos servizos sociais de Galicia. A Constitución. O Estatuto de autonomía. A Lei de bases do réxime local.
- Tema 39. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Marco legal, estrutura e contido. O sistema galego de servizos sociais. Obxectivos. Principios xerais dos servizos sociais.
- Tema 40. Os servizos sociais comunitarios. Organización. Programas. Equipamentos. Os servizos sociais de atención especializada. Características básicas. Servizos sociais e muller. As mulleres como obxecto da atención especializada.
- Tema 41. O Principio de igualdade entre mulleres e homes. Igualdade formal e igualdade real. Discriminacións directas e indirectas. A educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes. O principio de transversalidade.
- Tema 42. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Estrutura e contido. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.
- Tema 43. A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Estrutura e contido.
- Tema 44. O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Tema 45. O VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. 2022-2027: principios orientadores.
- Tema 46. A incorporación da perspectiva de xénero na intervención social. Os indicadores de xénero.
- Tema 47. As políticas municipais de igualdade. Medidas municipais de conciliación da vida laboral e familiar. O Programa “Aprende xogando” do Concello de Lugo.
- Tema 48. Os centros de información ás mulleres. Normativa reguladora. Funcións e obxectivos. Persoal e medios. O CIM do Concello de Lugo: a Casa da Muller. Organización e ámbito de actuación. Funcións da/o psicóloga/o.
- Tema 49. O equipo multidisciplinar na intervención con mulleres. Profesionais implicados. Funcións. Técnicas de traballo en equipo.
- Tema 50. A Rede galega de acollemento. Protocolo de acceso. A Orde do 1 de abril, pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. Os pisos de acollida do Concello de Lugo: Regulamento.
- Tema 51. Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación. Estrutura e contido. Ámbito subxectivo de aplicación. Definicións.
- Tema 52. O colectivo LGTBIQ+. Violencias e lgtbifobia. Violencia intraxénero. Conceptos básicos de atención, información e asesoramento. Os centros quérote.

Tema 53. A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Estrutura e contido.

Tema 54. A Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI. Estrutura e contido.

Tema 55. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: principios reitores. Medidas de sensibilización, prevención e detección. Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tema 56. O sistema de acción e coordinación en casos de violencia de xénero en España. O Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Medidas aplicables no ámbito municipal.

Tema 57. Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito. Estrutura e contido. Concepto de vítima do delito. As oficinas de atención ás vítimas do delito.

Tema 58. Medida de protección das vítimas de violencia de xénero: a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica. O servizo de teleasistencia móbil "ATEMPRO".

Tema 59. Acoso sexual e acoso por razón de sexo. A Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. Estrutura e contido.

Tema 60. A Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. Estrutura e contido.

Tema 61. Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor. A protección de menores: o desamparo e a tutela administrativa. A garda administrativa. Os equipos técnicos do menor: características. Metodoloxía de intervención.

Tema 62. Lei 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. Estrutura e contido.

Tema 63. Os puntos de encontro familiar en Galicia. Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

Tema 64. A Secretaría Xeral de Igualdade. Programas. Recursos. O protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 65. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Estrutura e contido.

Tema 66. Recursos e programas públicos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero en Galicia para mulleres vítimas de violencia de xénero. A atención aos maltratadores.

Tema 67. Protocolos de actuación autonómicos fronte á violencia de xénero: a Guía autonómica de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.

Tema 68. As axudas económicas ás mulleres vítimas de violencia na Comunidade Autónoma de Galicia. A acreditación administrativa das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tema 69. Políticas de igualdade de oportunidades. Definición. Obxectivos. Políticas institucionais para a igualdade de oportunidades.

Tema 70. Estratexias para a igualdade de xénero: transversalidade de xénero ou mainstreaming. Definición. Características. Medidas específicas para a muller. Medidas de acción positiva. Medidas de discriminación positiva.

Tema 71. O papel da linguaxe na representación da realidade. Invisibilización das mulleres. Uso sexista e non sexista da linguaxe. Linguaxe administrativa non sexista. Recomendacións e boas prácticas.

Tema 72. Os plans de igualdade de oportunidades. Definición, contido, estrutura e fins. Os plans para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo. Áreas de actuación.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023) o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou u estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía, entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.

Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de marzo de 2024.- Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, Ilmo Sr. Don Ángel Pablo Permy Villanueva.

R. 1014

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número **1063/2024** aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao **cuarto trimestre** de 2023, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no

artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: dende o día **12 de febreiro** ata o día **12 de marzo de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 7 de febreiro de 2024.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 1015

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 4 de abril de 2024 aprobouse o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 2º BIMESTRE DO 2024**.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de maio ao 30 de xuño do 2024, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servizos de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 8 de abril de 2024.- O Alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 1016

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA FEBREIRO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 25.03.2024 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de FEBREIRO 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 17.04.2024 ao 17.06.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, a 8 de abril de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R.1017

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA MARZO 2024

Por Xunta de Goberno Local do día 01.04.2024 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de MARZO de 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 20.04.2024 ata o 20.06.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 8 de abril de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1018

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de abril de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de marzo de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 10 de abril de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1019

PARADELA*Anuncio*

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 21 de marzo de 2024 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 02/2024, de suplemento de crédito nº 01/2024, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 14.387,23 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 10 de abril de 2024.- A ALCALDESA - PRESIDENTA, María Montserrat Mulet Sar.

R. 1020

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 21 de marzo de 2024 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 03/2024, de suplemento de crédito nº 02/2024, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 22.885,12 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 10 de abril de 2024.- A ALCALDESA - PRESIDENTA, María Montserrat Mulet Sar.

R. 1021

SAMOS*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 05/04/2024 o Orzamento municipal do exercicio 2024, xunto co cadro de persoal, bases de execución e toda a documentación anexa incorporada ó expediente, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de 15 días hábiles- que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no B.O.P.- co fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que se consideren oportunas.

Samos, 5 de abril de 2024.- A Alcaldesa, M^a Jesus López López.

R. 1022